



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Extpe. 2021/G007/000030

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día cinco de agosto de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos os seus membros: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 29.07.21.-

A meritada acta resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos presentes que asistiran á dita sesión.

2º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.I” EN RELACIÓN Á OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS”, DEL POS+AD/2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra PAVIMENTACIÓN AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS, con código 2018.2000.0321.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018 .

Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ S.L. con C.I.F. núm. B15164106 en garantía da obra PAVIMENTACIÓN AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS, con código 2018.2000.0321.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adjudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable a obra PAVIMENTACIÓN AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS, con código 2018.2000.0321.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ S.L. con C.I.F. núm. B15164106 en garantía da obra PAVIMENTACIÓN AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 320190000053 fechado o 14 de febreiro do 2019 por importe de SEIS MIL NOVE CENTOS EUROS (6.900,00 €) en garantía da obra PAVIMENTACIÓN AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS, con código 2018.2000.0321.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a súa aprobación; así como a expedición do certificado correspondente á tesourería municipal para o trámite da devolución do aval e a notificación ao interesado pola secretaría municipal no correspondente expediente.

3º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA “JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CONSTRUCCIONES SA” EN RELACIÓN Á OBRA DE CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS, DO POS+AD/2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS, con código 2018.2001.0740.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018:

“Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista de JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS

CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15013162 en garantía da obra CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS, con código 2018.2001.0740.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable a obra CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS, con código 2018.2001.0740.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista de JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15013162.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 320190000209 fechado o 6 de setembro do 2019 por importe de DOUS MIL CINCO CENTOS CINCUENTA EUROS (2.550,00 €) en garantía da obra CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS, con código 2018.2001.0740.0 da Convocatoria POS+AD OBRASSUM/2018 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Adicional), anualidade 2018.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a súa aprobación; así como a expedición do certificado correspondente á tesourería municipal para o trámite da devolución do aval e a notificación ao interesado polo negociado de secretaría no correspondente expediente.

4º Y 5º.- CERTIFICACIONES DE OBRAS.-

4º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N.º 4 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN ACCESO AO ARIÑO (PANTÍN), EXECUTADA POLA EMPRESA SYR-AMG SL.-

5º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N.º 4 DA OBRA “DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA EVILABOA”,

EXECUTADA POLA EMPRESA MT 2021, SLU.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 4 “Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)” do Concello de Valdoviño incluída no Plan POS + 2019 2ª fase, asinada pola dirección de obra o 13 de abril de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 21/05/2021. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria SYR-AMG, S. L. o día 13 de abril de 2021 por importe de 39.180,42 euros. E consta acta de recepción de obra de data 20/07/2021.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 4 “Dotación e mellora en locais de usos múltiples en Loira e Vilaboa” do Concello de Valdoviño incluída no Plan POS Adicional 1/2019, asinada pola dirección de obra o 9 de xuño de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 09/06/2021. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria MT 2001, S. L. U. na mesma data por importe de 18.106,63 euros. Consta acta de recepción de obra de data 22/07/2021.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 4 “Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 1 210011 de data 13/04/2021 con número de rexistro contable F/2021/969, emitida por SYR-AMG, S. L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 13 de abril de 2021 por importe de 39.180,42 euros.

Aprobación da certificación de obra n.º n.º 4 “Dotación e mellora en locais de usos múltiples en Loira e Vilaboa” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 2021 0183 de data 09/06/2021 con número de rexistro contable F/2021/1463, emitida por MT 2001, S. L. U. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 09/06/2021 por importe de 18.106,63 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto ao importe total da certificación n.º 4 correspondente a obra “*Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)*” deberán descontárselle 1.099,86 euros pola dirección e inspección de obra e 366,62 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Do mesmo xeito ao importe total da certificación n.º 4 correspondente a obra “*Dotación e mellora en locais de usos múltiples en Loira e Vilaboa*” deberán descontárselle 441,74 euros pola dirección e inspección de obra e 147,25 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández”

Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación de dita proposta.

6º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON ALEJANDRO PADIN FEAL.-

Expte. 2021/R002/000008

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Vista a instancia de don Alejandro Padin Feal, formulada en data 29.07.21 (registro entrada 20210000001777 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don ALEJANDRO PADIN FEAL cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

7º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

.- Expte. de licenza de primeira ocupación.- nº 15/2019

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- **Expte 15/2019.- JOSÉ RAMÓN DOMINGUEZ RODRÍGUEZ.-** Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 137/2014, licenza concedida en X.G.L. de data 17 de novembro de 2016.

Visto o informe do arquitecto municipal de 04 de agosto de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder ao peticionario José Ramón Domínguez Rodríguez a licenza de 1ª ocupación de vivenda sita no lugar de [REDACTED], parroquia de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 53,72 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dése traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Non entanto, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime máis convinte.

En Valdoviño, 4 de agosto de 2021.

O alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as nove horas e cincuenta minutos, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde